

DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DE SOCIOS DA AFA JUAN FERNÁNDEZ LATORRE

Día da reunión: 21/02/2024

Hora da reunión: 18:15 (segunda convocatoria).

Lugar: Comedor do CEIP Juan Fernández Latorre

Composición da mesa:

- Presidenta: Inmaculada Delgado Martínez
- Tesoureira: Rocío Santiago García
- Secretaria: Eva Seoane Seijas
- Vicepresidente: Sebastián Ríos Ernst

Asisten 18 socios e a Directiva do AFA anteriormente enumerada.

Sendo as 18.15 horas do día indicado da comenzo a reunión da Asemblea Xeral de Socios da AFA Juan Fernández Latorre para tratar a seguinte Orde do Día:

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Presentación e aprobación do cese de antigos cargos, e admisión do novo membro da Xunta Directiva da APA. Incorporación aberta de novos membros como vogais, se hai familias interesadas.
3. Presentación e aprobación da actualización dos Estatutos da APA.
4. Presentación e aprobación do gasto para a implantación dunha APP móbil de xestión de ANPAS.
5. Presentación e aprobación do investimento da subvención da Xunta nas melloras do comedor.
6. Rogos e preguntas.

1. Lectura e aprobación do acta anterior

Procédese á lectura da acta da anterior Asemblea Extraordinaria.

Apróbase por unanimidade por esta asamblea.

2. Presentación e aprobación do cese de antigos cargos, e admisión do novo membro da Xunta Directiva. Incorporación aberta de novos membros como vogais, se hai familias interesadas.

Infórmase do cese voluntario de MARÍA DEL ROSARIO FERNÁNDEZ SAAVEDRA, como antiga vicepresidente con cargo de ser a representante do AFA no Consello Escolar; e de CARLOTA REY PARDO, EVA CIBREIRO REGUEIRO como vogais da asociación. Agradecemos moi sinceramente a súa colaboración ata o momento do cese.

Pídese ós socios novas incorporacións á Xunta Directiva da AFA. Coméntase que tan só queda un membro como vogal.

Preséntase a SEBASTIÁN MARTÍN RÍOS ERNST como novo membro da asociación. Sendo aprobado pola xunta directiva como novo Vicepresidente e representante do AFA no Consello Escolar, en reunión de 16 de xaneiro de 2.024, pendente de aprobación nesta Asemblea Xeral Extraordinaria.

Apróbase por unanimidade nesta asemblea.

3. Presentación e aprobación da actualización dos Estatutos da APA.

Faise una pequena presentación por parte da secretaria, da necesidade de actualización dos Estatutos da Asociación debido ós cambios normativos que nos afectan, e a obriga de adecuación a estos.

Pregúntase ós membros presentes se hai alguna dúbida respecto algún punto do borrador presentado. Non se indican dúbidas.

Respecto ó cambio do nome da asociación, pregúntase se queremos cambiar a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA), ou Asociación de Familias do Alumnado (AFA).

Apróbase: Asociación de Familias do Alumnado (AFA) con un voto en contra.

A continuación, hai unha explicación xeral dos posibles novos estatutos. Por parte da presidenta puntualízase o artigo sobre o regulamento interno e a súa aplicación no réxime interno do comedor. Explícase o que fai a AFA cando hai incidencias e como quere cambiarse a actual fórmula de responsabilidades debido a incoherencia coa normativa actual.

Faise votación da proposta de Estatutos presentada pola Xunta Directiva (de tódolos artigos excepto do nome da Asociación, xa votada), e apróbase por unanimidade.

4. Presentación e aprobación do gasto para a implantación dunha APP móbil de xestión de ANPAS.

Toma a palabra a tesoureira, quen fai unha presentación da necesidade de contratación dunha APP para unha mellor e máis doada xestión da Asociación por parte da Xunta Directiva; así como a adaptación á normativa LOPD; melloría nos sistemas de protección informática; e unha melloría na obtención de información para os usuarios finais (os socios).

Indícase que fixemos xa pesquisas sobre moitas das APPs que hai no mercado. Que os que queiran poden falar coa directiva e lle damos acceso a información relativa a elas.

Aprobación por unanimidade da contratación dunha APP para ANPAS/AFAS.

Vanse da Asemblea dous socios.

5. Presentación e aprobación do investimento da subvención da Xunta nas melloras do comedor.

Dase a coñecer a resolución da Axuda Comedor solicitada, que otorga a Asociación cun investimento de 14.916,40 €.

Explícase os posibles usos da axuda, podéndose devolver ós usuarios do comedor en forma de diñeiro, así como gasto para mobiliario do comedor. A Xunta Directiva propón o gasto da axuda para a consecución de mobiliario adaptado ao comedor escolar do colexio, xa que as mesas e cadeiras que se usan actualmente non son mobles de comedor; así como que tampoco están adaptados ás necesidades hixiénicas, ás necesidades organizativas, e ás necesidades de prevención de riscos en caso de incendio.

A Xunta Directiva propón o uso da axuda para a mellora do mobiliario.

Faise votación: Apróbase con dous votos en contra.

Fálase das posibilidades estudadas ata ó momento. Infórmase dos mobles mirados pola Directiva do AFA. Comeza un debate sobre cómo poder establecer os mobles e qué tipo. Indícase que tódalas ideas serán ben recibidas, instando ós socios a que presenten as súas propostas.

6. Rogos e preguntas.

Pídese por unha socia cambiar ó nome da asociación. Quere que deixe de chamarse Castrillón, e poñer o nome do colexio.

Respecto do nome da asociación propónse: 1) AFA Castrillón, 2) AFA Juan Fernández Latorre, 3) AFA Fernández Latorre.

Apróbase: "AFA Juan Fernández Latorre" con un voto en contra.

Débese cancelar esta votación debido a que non está na orde do día. Queda por tanto proposto este tema para a próxima assemblea da asociación. Informarase a Directiva sobre as posibilidades de cambio de nome segundo a normativa aplicable.

Pídese por parte da Directiva da Asociación de novo a presenza de novos membros para a Xunta Directiva.

Pídense voluntarios para modificar unha zona de cociña do comedor escolar, tamén contactos de profesionais das reformas e da electricidade, de cara a favorecer á empresa de catering, Jardanay, o investimento nas melloras de ampliación da zona do vertedoiro.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 19:55 horas do día citado, de todo o cal dou fe como secretaria e firmo a presente co Vº Bº da Presidenta.

Vº Bº A PRESIDENTA

A SECRETARIA

